

NADAL 2008

Museo Provincial de Lugo

Museo Provincial do Mar

Museo Fortaleza San Paio de Narla
Pazo de Tor

REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO
Área De Cultura, Vicepresidencia Primeira



NADAL 2008

Museo Provincial de Lugo

Museo Provincial do Mar Museo Fortaleza San Paio de Narla Pazo de Tor

REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO
Área De Cultura, Vicepresidencia Primeira

Aínda que calquera época do ano é propicia para visitar un museo, o Nadal convida a non demoralalo. Seguramente aniñaba no noso ánimo a vontade de telo feito polo ano adiante mais, por mil e unha circunstancias, quedou adiado e coma tantos outros bos propósitos, o de visitar un museo vai caendo ao fondo do saco das prioridades.

Achéganse días de vacacións e de descanso, os museos abren as súas portas coma o fan todo o ano e acrecentan as súas propostas para que ninguén esqueza esa visita pendente.

As actividades que propoñen os museos que forman parte da Rede Museística da Deputación de Lugo son moi variadas e para todos os públicos, para satisfacer a maioría das curiosidades. Hai obradoiros para os máis pequenos e para os adultos, actividades e espectáculos para familias, exposicións... unha oferta para aprender e para gozar.

Este programa do Museo Provincial de Lugo e dos demais museos integrados na Rede Museística dependente da Área de Cultura da Deputación de Lugo ten por gran obxectivo contribuír a que o tempo de lecer se convirta nun estímulo para aprendizaxe.

NADAL no Museo Provincial de Lugo

No Museo Provincial de Lugo estimulamos a capacidade imaxinativa e esculcamos nas nosas orixes pensando nos máis pequenos. Vaise desenvolver un novo número da revista oral "O pazo das musas" ao tempo que imos dando remate aos actos conmemorativos do 75 Aniversario coas últimas entregas das láminas do "Cartafol. Guía Gráfica do Museo Provincial de Lugo" e coas derradeiras actividades para familias do programa "75 festas para celebralo".

O 10 de xaneiro, ás 16:00 horas, coincidindo coa hora e data en que foi aberto ao público o museo hai 75 anos poñeremos cabo a estas celebracións cun acto de recoñecemento e agradecemento aos doantes e benefactores que fixeron posible tres cuartos de século de historia.

OBRADOIROS

DE CONTOS NO MUSEO

Esta actividade ten por obxectivo que os participantes elaboren un conto inspirándose no Nadal, e que logo o ilustren co asesoramente das mestras.

Idades: De 9 a 13 anos.

Horario: De 11:30 a 13:30 horas.

Prazas: 25 participantes en cada quenda.

Inscrición: Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo.
Mestras: Noemí López (ilustradora) e Ana Carreira (narradora oral)

Datas:

1ª quenda (**22 e 23 de decembro**). Para nenos/as de 6 a 8 anos

2ª quenda (**29 e 30 de decembro**). Para nenos/as de 9 a 12 anos.

DE ONDE VIMOS: AS NOSAS ORIXES

Esta actividade ten por obxectivo proporcionar o coñecemento daquelas formas tradicionais de cultura herdadas desde a época galaico-romana (fabricación de pan, elaboración de queixos, produción de vestiario...) e a súa pegada nos costumes actuais a través dos achádegos conservados nos museos (muiños, teares, mazaleites...).

Idades: De 8 a 12 anos.

Horario: De 11:30 a 13:30 horas.

Prazas: 50 (25 inscricións en cada museo).

Inscricións: Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo e Museo Etnográfico de San Paio de Narla, Friol.

Mestres: Enrique J. Alcorta, Lucía Dequidt e Francisca Abuín.

Datas:

Os días **22 e 23 de decembro** desenvolverase no Museo Etnográfico de San Paio de Narla, Friol.

Os días **29 e 30 de decembro** desenvolverase no **Museo Provincial de Lugo**.

Nota: O traslado desde Lugo ata o San Paio de Narla, e viceversa, efectuarase en autobús para o que se solicitará a pais, nais ou titores a autorización correspondente.

EXPOSICIÓNS

Salas do Museo Provincial

Proxecto abertal. Arte lucense para o século XXI (Do 4 de marzo de 2008 ao 10 de xaneiro de 2009)

Ángel González Doreste (Do 14 de novembro ao 28 de decembro)

A poética do baleiro, de Diego Casado, (Do 20 de novembro ao 20 de decembro)

Os Urogallos (Do 5 de decembro ao 31 de decembro)

Dourado (Do 9 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2009)

Sala do Pazo de San Marcos:

OQO: Novas formas de mirar o álbum ilustrado (Do 27 de novembro ao 19 de decembro)

Villapol (Do 23 de decembro de 2008 ao 18 de xaneiro de 2009)

CARTAFOL

A entrega das láminas do "Cartafol. Guía gráfica do Museo Provincial de Lugo" remata coa entrega da lámina LXXV o día 20 de decembro. A partir do 22 de decembro ábrese un período especial ata esgotamento de existencias para os que o desexen podan completar o colección.

75 FESTAS PARA CELEBRALO

Para conmemorar cos máis novos o 75 Aniversario do Museo Provincial de Lugo, os sábados e domingos, ás 12 horas, desde o 22 de marzo de 2008 ata o 4 de xaneiro de 2009.

Sábado, 6 de decembro: Documentais (Grecia / A Atlántida)

Domingo, 7 de decembro: Galiza pulgas circus, por Carrusel, circo das pulgas.

Sábado, 13 de decembro: Animal de mil mañas, por Paula Carballeira.

Domingo, 14 de decembro: Documentais (Cartografía / Observatorios).

Sábado, 20 de decembro: Contos do apalpabarrigas, por Anxo Moure.

Domingo, 21 de decembro: Documentais (A cidade / Troia).

Sábado, 27 de decembro: O principiño de Madagascar, por Raquel Galavís.

Domingo, 28 de decembro: Documentais (A cidade perdida dos incas / A cidade prohibida).

Os días 3 e 4 de xaneiro de 2009 rematan as actividades denominadas "75 Festas para celebralo" cun programa que se fará público oportunamente.

REVISTA ORAL. O PAZO DAS MUSAS

Para todas os públicos.

Data: **xoves, 18 de decembro** de 2007.

Horario: De 20 a 21:30 horas.

Presentación do nº 16 da revista oral de periodicidade trimestral "O Pazo das Musas"

Lugar: Refectorio do Museo Provincial de Lugo.

Duración aprox.: 1:30 horas.

"O Pazo das Musas", que ten como obxectivo ser un foro de opinión e de debate no que participan os protagonistas e axentes involucrados na creación, difusión e exposición de bens de interese cultural, homenaxea a Achádego Teatro, no seu XX aniversario. A parte musical está a cargo de Tonhito de Poi.

75 ANIVERSARIO

O día 10 de xaneiro de 2009, ás 16:00 horas (coincidindo coa data e hora de apertura ao público o 10 de xaneiro de 1934), dárannse por rematados os actos conmemorativos do 75 aniversario do Museo Provincial de Lugo cun amplo programa de actividades entre as que salienta o agradecemento aos doantes e benefactores que contribuíron xenerosamente aos 75 anos de historia do Museo Provincial de Lugo.

Entrada gratuíta

Horarios de visita

Museo Provincial de Lugo

Sala de Exposicións do Museo Provincial

Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos (Deputación Provincial)

Luns a venres: 10:30 a 14 e de 16:30 a 20:30 h.

Sábados: 10:30 a 14 e de 16:30 a 20 h.

Domingos e festivos: 11 a 14 h.

Pechado os días: 24, 25 e 31 de decembro, e 1 de xaneiro (Aninovo).

Contacto

Museo Provincial de Lugo

Praza da Soidade s/n.

27001 Lugo

982242112 / Fax 982240240 /

info@museolugo.org

www.museolugo.org

NADAL

no Museo Fortaleza de San Paio de Narla

No Museo Fortaleza de San Paio de Narla, en Friol, propoñemos obradoiros e actividades para refrescar a memoria. Desde as orixes preguntámonos cómo se alimentaban, qué vestían, que significado tiña e ten aínda hoxe a heráldica, como se aderezaban ou peiteaban... E cantaremos, que veñen aí os Reis Magos e hai maneiras moi xeitosas de atraer os seus galanos.

OBRADOIROS

DE ONDE VIMOS: AS NOSAS ORIXES

Esta actividade ten por obxectivo proporcionar o coñecemento daquelas formas tradicionais de cultura herdadas desde a época galaico-romana (fabricación de pan, elaboración de queixos, produción de vestiario...) e a súa pegada nos costumes actuais a través dos achádegos conservados nos museos (muíños, teares, mazaleites...).

Idades: De 8 a 12 anos.

Horario: De 11:30 a 13:30 horas.

Prazas: 50 (25 inscricións en cada museo).

Inscricións: Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo / Museo Etnográfico de San Paio de Narla, Friol.

Mestres: Enrique J. Alcorta, Lucía Dequidt e Francisca Abuín.

Datas:

Os días **22 e 23 de decembro** desenvolverase no **Museo Etnográfico de San Paio de Narla**, Friol.

Os días **29 e 30 de decembro** desenvolverase no **Museo Provincial de Lugo**.

Nota: O traslado desde San Paio de Narla ata Lugo, e viceversa, efectuarase en autobús para o que se solicitará a pais, nais ou titores a autorización correspondente.

OBRADOIRO DE ADEREZOS E PEITEADOS

Unha actividade como a do peiteado pódenos fornecer moita información dun momento histórico... Por exemplo, como era a sociedade e as clases sociais no Renacemento? Que ten de renacentista a Fortaleza de San Paio de Narla?

Data: **27 de decembro**.

Prazas: 15.

Hora: De 12:00 a 14:00 horas.

Idades: De 8 a 14 anos

Inscrición: No Museo Fortaleza de San Paio de Narla ou no tfno.: 982 375156
Mestra: Francisca Abuín.

OBRADOIRO DE HERÁLDICA: FACENDO HISTORIA

Fusionamos heráldica e historia; tras dun escudo agóchase un mundo de historias.

Data: **23 de decembro**.

Prazas: 15.

Hora: De 12:00 a 14:00 horas.

Idades: De 8 a 14 anos

Inscrición: No Museo Fortaleza de San Paio de Narla ou no tfno.: 982 375156

Mestra: Francisca Abuín.

OBRADOIRO TIRANDO DO FÍO. CANTOS DE REIS

Lembrar e revalorizar este costume tradicional case perdido en Galicia e especialmente no concello de Friol.

Datas: **4 e 5 de xaneiro de 2009**.

Hora: 18:00 horas.

Idades: Para todas as idades, preferentemente avós e netos.

Inscrición: Museo Fortaleza de San Paio de Narla ou no tfno.: 982 375156

Mestra: Encarna Lago, coa colaboración da Asociación Cultural "Cova da Serpe".

Entrada gratuíta

Horario

Martes a venres: 11 a 14 e 16 a 18 h.

Sábados, domingos e festivos: 12 a 14 e 16 a 18 h.

O museo permanecerá pechado os días:

1 de xaneiro (Aninovo), e 24, 25 e 31 de decembro.

Contacto

Torre de Xiá
7220 Friol (Lugo)
fno.: 982 375 156
www.museolugo.org

NADAL

no Museo Provincial do Mar

No Museo Provincial do Mar de San Cibrao, en Cervo, viaxamos a través do tempo, percorremos singladuras que deixaron ronseis dos que aprender. Visitaremos o Nadal dos cinco continentes, tiraremos do fío da memoria e agradeceremos a benefactores e doadores os case 40 anos de historia do museo, o museo dedicado ao mar máis antigo de Galicia.

OBRADOIROS

CONVERSAS DO MAR: UNHA CUNCHA, UNHA VIAXE POLO MUNDO

Nas travesías didácticas a bordo do Museo Provincial do Mar os pasaxeiros que se acheguen ata San Cibrao descubrirán distintas cunchas curiosas procedentes de todas as zonas malacolóxicas do mundo. Esta actividade ten como obxectivos xerais divulgar os valores do mar, pois tan só a través do seu coñecemento se poderán apreciar e respectar, e establecer liñas de traballo que favorezan a integración das comunidades de inmigrantes.

Lugar: Sala de malacoloxía

Duración: 30 minutos

Datas: **9, 10, 11, 12, 16, 17, 18, 19, 23, 26, 30 de decembro 2008. 2, 6, 7, 8, 9, 13, 14, 15, 16 de xaneiro 2009.**

Hora: De 11:30 a 12:00 horas

Idades: Para todas as idades, sen inscrición previa

Mestras: Encarna Lago, Amelia Pernas e M^a Xosé Crecente.

AGRADECENDO E LEMBRANDO CADA DÍA UNHA PEZA E UN BENEFACTOR

Cando o Museo Provincial do Mar de San Cibrao está a piques de cumprir 40 anos, o museo dedicado ao mundo do mar máis antigo de Galicia, temos a obriga de agradecer a cantas persoas contribuíron ao seu nacemento e conservación. Afondamos na propia historia do museo como patrimonio intanxible, na historia das coleccións dende o punto de vista de todos os que as fixeron realidade.

Datas: **9, 10, 11, 12, 16, 17, 18, 19, 23 e 26 de decembro 2008. 2, 6, 7, 8, 9, 13, 14, 15, 16 de xaneiro 2009.**

Hora: 17:30 horas.

Idades. Para todas as idades, sen inscrición previa

Mestras: Encarna Lago, Amelia Pernas e M^a Xosé Crecente.

TIRANDO DO FIO: DIÁLOGO INTERCULTURAL NA MARIÑA

Actividade interxeneracional

Data: **3 de xaneiro 2009.**

Prazas: 30.

Hora: 18:00 horas.

Idades. Para todas as idades, preferentemente avós e netos.

Inscrición: Museo Provincial do Mar

Concerto: Batuka Tabanka

Mestra: Encarna Lago.

EXPEDICIÓN DE NADAL POLO GLOBO TERRAQUEO

Como fío condutor fixarémonos nas expedicións de Magallanes e de Juan Sebastián Elcano. En cada un dos cinco fixarémonos nun continente, no seu Nadal e o mar. Realizaremos obxectos de Nadal de diferentes culturas para agasallar a un amigo invisible. Tamén contaremos lendas, cantaremos panxoliñas e cada un dos días, segundo o continente, iremos construíndo com gran obra de arte colectiva unha bola do mundo solidaria.

Datas: **13, 20, 23 e 27 de decembro de 2008. 3 de xaneiro de 2009.**

Prazas: 15.

Hora: 18:00 horas.

Idades: De 6 a 14 anos

Inscrición: Museo Provincial do Mar

Mestras: Encarna Lago, Amelia Pernas e M^a Xosé Crecente.

Entrada gratuíta

Horario

Martes a sábado:

Mañás de 11:00 a 14:00

Tardes de 16:00 a 19:00

Domingos e festivos:

Mañás de 11:00 a 14:00

Luns pechado

O Museo permanecerá pechado os días 1 de xaneiro (Aninovo), 24, 25, 31 de decembro.

Contacto

Museo Provincial do Mar

Avenida da Mariña s/n

San Cibrao

27890 Cervo (Lugo)

Tfno.: 982 594 572

museodomarsc@terra.es

www.museolugo.org

NADAL

no Pazo de Tor

O pazo de Tor, en Monforte de Lemos, atesoura parte da historia da comarca e mesmo de boa parte de Galicia. Dinnolo os papeis gardados nos seus arquivos e a proposta que vos facemos é que os descubrades, que baleiredes no saco dos vosos coñecementos a historia que agachan. Ademais, faremos xogos e aprenderemos a fabricar papel ecolóxico. Vémonos en Tor.

XOGAMOS A SER PALEÓGRAFOS

Aprenderemos a importancia que tiña para unha familia fidalga a conservación e ordenación dos seus arquivos. Para iso, explicarase, a través da interacción dos propios participantes, unha breve historia do papel, da escritura e dos documentos máis importante na vida dunha familia fidalga e comparáremola co mundo actual. Haberá un obradoiro de reciclado de papel, prácticas de paleografía básica e rematarase cun xogo onde se pon en práctica todo o aprendido.

Datas:

22 de decembro: Introducción á historia da escritura e dos seus soportes. Comezaremos o proceso de fabricación de papel reciclado por fases: Triturado do papel e maceración.

23 de decembro: Historia do papel e da imprenta. Continuaremos cos procesos de fabricación de papel reciclado.

26 de decembro: Iniciación á paleografía: Abreviaturas, alfabetos, principais tipos de documentos dun arquivo familiar e a súa importancia. Práctica paleográfica sobre un documento de arquivo.
29 de decembro: Xogo do rapt, xuízo e fuga en Tor.

Idades: De 10 a 14 anos.

Horario: De 11:00 a 14.: horas

Prazas. 25.

Inscripcións: No Pazo de Tor

ou chamando ao tfno.: 982 165 534

Mestres: Encarna Lago, Juan Ignacio Márquez, María González e Ángeles Rivadas.

Nota: Haberá servizo de transporte desde Monforte. Saída. 10:30 h. e regreso ás 14:15 h.

TIRANDO DO FÍO: HISTORIAS TÚAS E DO ARQUIVO DE TOR

Diálogo interxeneracional entre avós e netos

Data: **26 de decembro**

Idades: De 10 a 14 anos.

Horario: 17:30 horas

Prazas. 30.

Inscripcións: No Pazo de Tor ou chamando ao tfno.: 982 165 534

Mestres: Encarna Lago, Juan Ignacio Márquez, María González e Ángeles Rivadas.

Entrada gratuíta

Horario

De martes a domingo, visitas guiadas ás 11, 2:30, 16:30 e 18 h.

Luns pechado.

Permanecerá pechado os días:

1 de xaneiro (Aninovo), 24, 25 e 31 de decembro.

Contacto

San Xoán de Tor

7591 Monforte de Lemos (Lugo)

Tfno.: 982 165 534

info@museolugo.org

www.museolugo.org

NORMAS DE APLICACIÓN XERAL PARA ESTAS ACTIVIDADES

—Todas as actividades son gratuítas.

—A inscrición, no seu caso, debe formalizarse con antelación á data de inicio de cada actividade no museo correspondente en horario de apertura.

—A admisión rexerese por rigorosa orde de inscrición.

—Aquelas actividades que precisen inscrición e que non contén cun mínimo de 5 participantes poden ser suspendidas.

Máis información en <http://www.museolugo.org/>



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

75 ANIVERSARIO
MUSEO
PROVINCIAL
DE LUGO
CONSEJO DE CULTURA